

SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

TEMA 5- LEI 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

1. De acordo co artigo 1.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a presente lei ten por obxecto regular:

- a) A contratación da Administración pública.
- b) A contratación dos municipios.
- c) A contratación do sector público.

2. De acordo co artigo 1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a devandita lei ten por obxecto regular a contratación do sector público, a fin de garantir que esta se axuste aos principios de:

- a) Liberdade de acceso ás licitacións, mérito e capacidade.
- b) Liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos.
- c) Liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores.

3. En atención ao disposto polo artigo 1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, non constitúe un dos obxectivos da devandita lei:

- a) Garantir unha eficaz utilización dos recursos públicos.
- b) Asegurar unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras.
- c) A salvagarda da libre competencia.

4. Cal dos seguintes entes, organismos e entidades se considera que forman parte do sector público para os efectos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público? (artigo 3 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) As sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, dun organismo autónomo sexa inferior ao 50 por 100.
- b) As fundacións que se constituán cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, dunha ou varias entidades privadas.
- c) A Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local.

5. Dentro do sector público e para os efectos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal dos seguintes entes non terá a consideración de Administración pública? (artigo 3 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) As entidades xestoras e os servizos comúns da seguridade social.
- b) As universidades públicas.
- c) As mutuas colaboradoras coa seguridade social.

6. Para os efectos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal dos seguintes entes se considera un poder adxudicador? (artigo 3 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) As asociacións constituídas por administracións públicas.
- b) As fundacións cuxo patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 por 100 por bens ou dereitos achegados ou cedidos por unha ou varias entidades integradas no sector público.
- c) Todos os entes, organismos ou entidades con personalidade xurídica propia que non sexan Administración pública que fosen creados especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, se un ou varios suxeitos que deban considerarse poder adxudicador nomean polo menos a metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia.

SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

7. A teor do disposto polos artigos 4 e 11 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sinálase cal das seguintes proposicións en relación aos contratos relativos a servizos de arbitraje e conciliación é correcta:

- a) Rexeranse pola lei de contratos a condición de que sexan realizados polas consideradas administracións públicas.
- b) Regularanse polas súas normas especiais, e aplicaranse os principios da lei de contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.
- c) Para determinar se lles resulta de aplicación a lei de contratos é necesario atender á contía das prestacións ofertadas.

8. Unha das condicións que se han de cumprir para que un convenio entre a Administración xeral do Estado e unha comunidade autónoma se considere excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público é que as entidades intervenientes non teñan vocación de mercado, e establece que esta se presumirá cando realicen no mercado aberto (artigo 6 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Unha porcentaxe igual ou superior ao 20 por cento das actividades obxecto de colaboración.
- b) Unha porcentaxe igual ou superior ao 30 por cento das actividades obxecto de colaboración.
- c) Unha porcentaxe igual ou superior ao 50 por cento das actividades obxecto de colaboración.

9. Segundo o artigo 6.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, quedan excluídas do ámbito da presente lei:

- a) Os contratos de obra.
- b) Os contratos de servizos.
- c) As encomendas de xestión.

10. De conformidade co artigo 7.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, exclúense do ámbito da presente lei os acordos que celebre o Estado:

- a) Con outros Estados ou con outros suxeitos de dereito internacional.
- b) Coas Illas Canarias.
- c) Coas sociedades cooperativas.

11. De acordo co artigo 8 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, quedan excluídos da presente lei os contratos de:

- a) Só os contratos de investigación.
- b) Só os contratos de desenvolvemento de programas.
- c) Os contratos de investigación e desenvolvemento, coas excepcións previstas na propia lei.

12. Segundo o artigo 9.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, atópanse excluídas da presente lei:

- a) As autorizacións e concesións sobre bens de dominio público.
- b) Só as autorizacións sobre bens de dominio público.
- c) Só as concesións sobre bens de dominio público.

13. De acordo co artigo 10 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos relativos a servizos financeiros relacionados coa emisión, compra, venda ou transferencia de valores:

- a) Están incluídos no ámbito de aplicación da lei.
- b) Están parcialmente incluídos no ámbito de aplicación da lei.
- c) Están excluídos do ámbito da presente lei.

SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

14. As relacións xurídicas consistentes na prestación dun servizo público cuxa utilización polos usuarios requira o aboamento dunha tarifa, taxa ou prezo público de aplicación xeral (artigo 11 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Están excluídas do ámbito de aplicación da lei de contratos do sector público.
- b) Materializaranse a través dun contrato de servizos.
- c) Están excluídas do ámbito de aplicación da lei de contratos do sector público, sen prexuízo de que o receptor dos servizos, se é unha entidade do sector público suxeita á lei de contratos do sector público, deba axustarse ás súas prescricións para a celebración do correspondente contrato.

15. Cando non estea garantido que, en condicións normais de funcionamento, o concesionario vaia recuperar os investimentos realizados nin cubrir os custos en que incorrese como consecuencia da explotación das obras que sexan obxecto da concesión, considérase (artigo 14 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Que existe un motivo para que o concesionario poida desistir do contrato sen que por iso resulte penalizado.
- b) Que o concesionario asume un risco operacional.
- c) Que o concesionario debe quedar eximido de prestar fianza.

16. Segundo o artigo 15.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipo de contrato é aquel en cuxa virtude un ou varios poderes adxudicadores encomendan a título oneroso a unha ou varias persoas, naturais ou xurídicas, a xestión dun servizo cuxa prestación sexa da súa titularidade ou competencia?:

- a) O contrato de concesión de servizos.
- b) O contrato de obra.
- c) O contrato de subministración.

17. A teor do disposto polo artigo 16 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal dos seguintes non terá a consideración necesariamente de contrato de subministración?:

- a) Os contratos de adquisición de programas de ordenador desenvolvidos a medida.
- b) Os que teñan por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos.
- c) Os de fabricación, polos que a cousa ou cousas que deban ser entregadas polo empresario teñan que ser elaboradas de acordo coas características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante, aínda cando esta se obrigue a achegar, total ou parcialmente, os materiais precisos.

18. O artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público define os contratos de servizos como aqueles:

- a) Que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.
- b) Nos que a contraprestación a favor daquel consiste ou ben unicamente no dereito para explotar a obra ou ben no devandito dereito acompañado do de percibir un prezo.
- c) Cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración, e inclúense aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

19. Cando un contrato conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase e conteña en concreto prestacións propias de dous ou máis contratos de obras, subministracións ou servizos, atenderase ao carácter da prestación principal (artigo 18 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Para a determinación do órgano competente para a súa adxudicación.
- b) Para a determinación das normas que rexerán a súa adxudicación.
- c) Para a determinación de se lle é esixible a clasificación ao contratista.

20. Cal dos seguintes tipos de contratos non está suxeito a regulación harmonizada segundo o artigo 19 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público?:

- a) Os contratos de concesión adxudicados para a subministración de enerxía eléctrica.
- b) Os contratos de obra, en todo caso.
- c) Os declarados secretos ou reservados.

21. A representación e defensa legal dun cliente por un procurador ou un avogado nunha arbitrase ou unha conciliación celebrada nun Estado ou ante unha instancia internacional de conciliación ou arbitrase (artigo 19 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Están excluídas do ámbito de aplicación da lei de contratos do sector público.
- b) Non se consideran suxeitas a regulación harmonizada, calquera que sexa o seu valor estimado.
- c) Están suxeitas a regulación harmonizada.

22. Sinala o artigo 20 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público que están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de obras, de concesión de obras e de concesión de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a:

- a) 2.250.000 euros.
- b) 5.448.000 euros.
- c) 4.500.000 euros.

23. Cando se trate de contratos de subministración distintos, por razón do suxeito contratante ou por razón do seu obxecto, dos contratos de subministración adxudicados pola Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos ou as entidades xestoras e servizos comúns da seguridade social, están suxeitos a regulación harmonizada aqueles cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade de (artigo 21 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) 221.000 euros.
- b) 5.186.000 euros.
- c) 186.000 euros.

24. De conformidade co artigo 21.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, nos contratos que se adxudiquen por lotes separados, cando o valor acumulado dos lotes en que se divida a subministración iguale ou supere as cantidades indicadas no apartado anterior:

- a) Non se aplicarán as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote.
- b) Aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación de cada lote.
- c) Aplicaranse as normas da regulación harmonizada á adxudicación só do primeiro lote.

25. Cando un contrato de servizos deba ser adxudicado pola Administración xeral do Estado, estará suxeito a regulación harmonizada se o seu valor estimado é igual ou superior a (artigo 22 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) 144.000 euros.
- b) 750.000 euros.
- c) 80.000 euros.



SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

26. Considéranse contratos subvencionados suxeitos a unha regulación harmonizada os contratos de obras que teñan por obxecto a construción de hospitais, cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 5.548.000 euros, que sexan subvencionados (artigo 23 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) De forma directa e en máis dun 20 por 100 do seu importe, por entidades que teñan a consideración de administracións públicas
- b) De forma directa e en máis dun 50 por 100 do seu importe, por entidades que teñan a consideración de poderes adxudicadores.
- c) De forma directa e en máis dun 10 por 100 do seu importe, por entidades que teñan a consideración de administracións públicas.

27. De conformidade co artigo 24 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos do sector público poderán estar sometidos a un réxime xurídico de:

- a) Dereito tributario.
- b) Dereito penal.
- c) Dereito administrativo ou de dereito privado.

28. De acordo co sinalado polo artigo 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cal dos seguintes contratos terá carácter administrativo?:

- a) Os contratos de subministracións que sexan celebrados por unha Administración pública.
- b) Os que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria.
- c) Os contratos de servizos que sexan celebrados por calquera ente que forme parte do sector público.

29. Segundo o sinalado polo artigo 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos celebrados por unha Administración pública que teñan por obxecto a subscripción a revistas, publicacións periódicas e bases de datos terán a consideración de:

- a) Contratos privados.
- b) Contratos administrativos.
- c) Contratos mixtos.

30. De acordo co artigo 26.1.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, terán a consideración de contratos privados:

- a) Os celebrados por entidades do sector privado que son poder adxudicador, pero non reúnen a condición de administracións públicas.
- b) Os celebrados por entidades do sector privado que son poder adxudicador, pero non reúnen a condición de administracións públicas.
- c) Os celebrados por entidades do sector público que son poder adxudicador, pero non reúnen a condición de administracións públicas.

31. Será o competente para coñecer das cuestións referidas aos efectos e extinción dos contratos que celebren as entidades do sector público que non teñan o carácter de poderes adxudicadores (artigo 27 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) A orde xurisdiccional contencioso-administrativa.
- b) A orde xurisdiccional social.
- c) A orde xurisdiccional civil.



SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

32. Dispón o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público que as entidades do sector público programarán a actividade de contratación pública, que desenvolverán nun exercicio orzamentario ou períodos plurianuais:

- a) E darán a coñecer os contratos que pretendan licitar ao longo do ano mediante a publicación dun plan anual de actuación.
- b) E darán a coñecer o seu plan de contratación ao finalizar o exercicio mediante a súa remisión ao Tribunal de Contas ou órgano autonómico equivalente.
- c) E darán a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa.

33. Sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos, a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta (artigo 29 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) A entidade das prestacións.
- b) As características da súa execución.
- c) A necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización das prestacións.

34. De acordo co sinalado polo artigo 29 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que:

- a) As súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas.
- b) Non se trate dun contrato suxeito a regulación harmonizada.
- c) Se faga por mutuo acordo entre a Administración e o empresario.

35. Establece o artigo 29 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público que os contratos menores non poderán ter unha duración superior a:

- a) Catro anos
- b) Dous anos.
- c) Un ano.

36. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza (artigo 29 Lei 9/2017, do 8 de novembro)

- a) Polo menos con catro meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.
- b) Polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.
- c) Polo menos con seis meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

37. A execución de obras poderá realizarse polos servizos da Administración, xa sexa empregando exclusivamente medios propios ou coa colaboración de empresarios particulares, cando conorra algunha das circunstancias enumeradas no artigo 30 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Unha das seguintes atópase entre elas, sinálese cal:

- a) Que a Administración posúa elementos auxiliares utilizables cuxo emprego supoña unha economía inferior ao 5 por 100 do importe do orzamento do contrato.
- b) Que non houberse polo menos tres ofertas de empresarios na licitación previamente efectuada.
- c) Cando se trate dun suposto de emerxencia.



SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

38. A teor do disposto polo artigo 32 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, un dos requisitos que terá que cumprir unha persoa xurídica para ter a consideración de medio propio personificado respecto dunha única entidade concreta do sector público é un dos seguintes:

- a) Que máis do 50 por cento das actividades do ente destinatario do encargo se leven a cabo no exercicio dos labores que lle foron confiados polo poder adxudicador que fai o encargo e que o controla ou por outras persoas xurídicas controladas do mesmo xeito pola entidade que fai o encargo.
- b) Que máis do 70 por cento das actividades do ente destinatario do encargo se leven a cabo no exercicio dos labores que lle foron confiados polo poder adxudicador que fai o encargo e que o controla ou por outras persoas xurídicas controladas do mesmo xeito pola entidade que fai o encargo.
- c) Que máis do 80 por cento das actividades do ente destinatario do encargo se leven a cabo no exercicio dos labores que lle foron confiados polo poder adxudicador que fai o encargo e que o controla ou por outras persoas xurídicas controladas do mesmo xeito pola entidade que fai o encargo.

39. Que sucederá no caso do incumprimento sobrevido dalgún dos requisitos que terá que cumprir unha persoa xurídica para ter a consideración de medio propio personificado respecto dunha única entidade concreta do sector público? (artigo 32 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Comportará a perda da condición de medio propio personificado e, en consecuencia, a imposibilidade de seguir efectuándolle encargos á persoa xurídica afectada, sen prexuízo da conclusión dos encargos que estivesen en fase de execución.
- b) Poderá comportar a perda da condición de medio propio personificado e, en consecuencia, a imposibilidade de seguir efectuándolle encargos á persoa xurídica afectada, así como de concluír os encargos que estivesen en fase de execución.
- c) Requirirase á persoa xurídica en cuestión para que emende o incumprimento, para o que se lle concederá un prazo de dez días, e advertirase de que, para o caso de que non se atenda este requirimento no devandito prazo, se iniciará un expediente de revogación dos encargos que lle fosen efectuados.

40. Os órganos das entidades do sector público estatal que teñan a condición de poder adxudicador necesitarán autorización do Consello de Ministros cando o importe do gasto que se derive do encargo (artigo 32 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Sexa igual ou superior a dez millóns de euros.
- b) Sexa igual ou superior a doce millóns de euros.
- c) Sexa igual ou superior a quince millóns de euros.

41. A teor do disposto polo artigo 33 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, un dos requisitos que terá que cumprir unha persoa xurídica para ter a consideración de medio propio personificado respecto dunha entidade pertencente ao sector público que non teña a consideración de poder adxudicador é un dos seguintes:

- a) Que máis do 80 por cento do capital social ou patrimonio do ente destinatario do encargo sexa de titularidade pública.
- b) Que máis do 50 por cento do capital social ou patrimonio do ente destinatario do encargo sexa de titularidade pública.
- c) Que a totalidade do capital social ou patrimonio do ente destinatario do encargo sexa de titularidade pública.



SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

42. A teor do disposto polo artigo 34 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, nos contratos do sector público poderán incluírse:

- a) Calquera pacto, cláusula e condición.
- b) Calquera pacto, cláusula e condición, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración.
- c) Calquera pacto, cláusula e condición, sempre que non sexan contrarios ao interese público, á boa fe e aos principios de boa xestión.

43. Unha das seguintes mencións non se atopa entre as relacionadas polo artigo 35 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público como unha das que debe incluírse necesariamente nos contratos que celebren os entes, organismos e entidades do sector público, salvo que xa se atopen recollidas nos pregos. Indíquese cal:

- a) A definición do obxecto do contrato.
- b) O domicilio para os efectos de notificacións das partes.
- c) As condicións de pago.

44. De acordo co artigo 35 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os documentos nos que se formalicen os contratos que celebren as entidades do sector público deben incluír necesariamente a identificación das partes, salvo que:

- a) Os licitadores estean debidamente clasificados.
- b) Se trate dun contrato que se vaia adxudicar en virtude dun procedemento negociado.
- c) Xa se atopen recollidas nos pregos.

45. Respecto da enumeración dos documentos que integran o contrato que debe conter todo contrato que celebren os entes, organismos e entidades do sector público, sinala o artigo 35 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público que, se así se expresa no contrato:

- a) Esta enumeración poderá estar xerarquizada, e ordenarase segundo a orde de prioridade acordada polas partes, en cuxo suposto, e salvo caso de erro manifesto, a orde pactada utilizarase para determinar a prevalencia respectiva no caso de que existan contradicións entre diversos documentos.
- b) Esta enumeración estará xerarquizada, e poderá ordenarse segundo a orde de prioridade acordada polas partes, en cuxo suposto, e salvo caso de erro manifesto, a orde pactada utilizarase para determinar a prevalencia respectiva no caso de que existan contradicións entre diversos documentos.
- c) Esta enumeración estará xerarquizada, e ordenarase segundo a orde de prioridade acordada polas partes, en cuxo suposto, e salvo caso de erro manifesto, a orde pactada utilizarase para determinar a prevalencia respectiva no caso de que existan contradicións entre diversos documentos.

46. De conformidade co artigo 36 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos subvencionados que deban considerarse suxeitos a regulación harmonizada perfeccionaranse:

- a) De conformidade coa lexislación pola que se rexan.
- b) Mediante a súa formalización.
- c) Mediante a adxudicación do contrato, calquera que sexa o procedemento que se seguise para iso.



SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

47. Conforme ao artigo 36 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, salvo que se indique outra cousa nas súas cláusulas, os contratos do sector público entenderanse celebrados no lugar:

- a) Onde se vaia realizar a prestación obxecto do contrato.
- b) Onde resida o adxudicatario do contrato.
- c) Onde se atope a sede do órgano de contratación.

48. Segundo sinala o artigo 37 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público, os entes, organismos e entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que:

- a) O contrato teña carácter de emerxencia.
- b) O contrato sexa un contrato menor.
- c) O contrato teña carácter de urxencia.

49. Sinala o artigo 39 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público que, salvo nos supostos de emerxencia, a carencia ou insuficiencia de crédito será:

- a) Unha causa de nulidade de dereito administrativo.
- b) Unha causa de anulabilidade de dereito administrativo.
- c) Unha causa de invalidez de dereito civil.

50. Dispón o artigo 41 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público que a competencia para declarar a nulidade ou a lesividade entenderase delegada conxuntamente coa competencia para contratar:

- a) En todo caso.
- b) Salvo determinación expresa en contrario.
- c) Salvo para o caso de que a nulidade se deba declarar pola inobservancia por parte do órgano de contratación do prazo para a formalización do contrato.

51. En que supostos poderá dispoñerse no mesmo acordo no que se declare a nulidade dun contrato a continuación dos efectos daquel e baixo as súas mesmas cláusulas? (artigo 42 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) No caso de que a declaración administrativa de nulidade do contrato producise un grave trastorno ao servizo público.
- b) No caso de que o contrato teña por obxecto a xestión integral do mantemento de instalacións complexas.
- c) No caso de que o órgano de contratación, atendendo ás circunstancias excepcionais que concorran, considere que existen razóns imperiosas de interese xeral que o esixan.

52. A declaración de nulidade dos actos preparatorios do contrato ou da adxudicación, cando sexa firme, suporá en todo caso a do mesmo contrato, que entrará en fase de liquidación, e as partes deberán restituírse reciprocamente as cousas que recibisen en virtude deste e, se isto non fose posible (artigo 42 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Ambas as partes deberanse indemnizar mutuamente polos danos e perdas que sufrisen.
- b) Devolverase o seu valor.
- c) Dispoñerase a continuación dos efectos do contrato.

53. Poderán ser obxecto de recurso especial en materia de contratación previo á interposición do contencioso-administrativo (artigo 44 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Os pregos que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite en todo caso.
- c) Os defectos de tramitación en todo caso.





SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

54. No ámbito dos poderes adjudicadores do sector público estatal, o coñecemento e resolución do recurso especial en materia de contratación estará encomendado a un órgano especializado, que actuará con plena independencia funcional no exercicio das súas competencias, denominado (artigo 45 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- Tribunal Económico-Administrativo Central.
- Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.
- Tribunal Administrativo de Contratos da Administración Xeral do Estado.

55. No caso de que antes de interpoñerse un recurso especial en materia de contratación as persoas lexitimadas para iso solicitasen, ante o órgano competente para resolver o recurso, a adopción de medidas cautelares, este deberá adoptar decisión en forma motivada sobre as medidas cautelares (artigo 49 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- En calquera momento anterior á interposición do recurso.
- Dentro do prazo de dez días hábiles seguintes á presentación do escrito en que se soliciten.
- Dentro dos cinco días hábiles seguintes á presentación do escrito en que se soliciten.

56. Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o procedemento de recurso especial en materia de contratación iniciárase mediante escrito que deberá presentarse no prazo de quince días hábiles contados (artigo 50 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- A partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron estes ao interesado.
- A partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles.
- A partir do día seguinte a aquel en que o interesado puidese acceder ao contido destes a través do perfil de contratante.

57. Para a corrección dos defectos que poidan afectar o escrito de recurso requirirase ao interesado a fin de que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, nun prazo de (artigo 51 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- 10 días.
- 5 días.
- 3 días.

58. Os interesados poderán facer a solicitude de acceso ao expediente dentro do prazo de interposición do recurso especial, e o órgano de contratación deberá facilitar o acceso (artigo 52 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- Nos tres días hábiles seguintes á recepción da solicitude.
- Nos cinco días hábiles seguintes á recepción da solicitude.
- Nos dez días hábiles seguintes á recepción da solicitude.

59. Que prazo se lles debe conceder aos restantes interesados na interposición dun recurso especial en materia de contratación para que formulen as súas alegacións? (artigo 56 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- Cinco días hábiles
- Dous días hábiles.
- Tres días hábiles.



SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

60. No caso de que o órgano competente para resolver un recurso especial en materia de contratación aprecie temeridade ou mala fe na interposición do recurso ou na solicitude de medidas cautelares, poderá acordar a imposición dunha multa ao responsable desta cuxo importe será como máximo de (artigo 58 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) 50.000 euros.
- b) 30.000 euros.
- c) 60.000 euros.

61. Sinala o artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público que os órganos de contratación deberán designar un responsable do contrato ao que lle corresponderá:

- a) Asinar o contrato en nome da Administración contratante.
- b) Acordar, se é o caso, a resolución do contrato.
- c) Supervisar a execución do contrato.

62. En virtude do disposto polo artigo 63 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a publicación da información relativa aos contratos menores que debe constar no perfil do contratante deberá realizarse:

- a) Polo menos semestralmente.
- b) Polo menos trimestralmente.
- c) Anualmente.

63. De acordo co artigo 65 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, só poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que:

- a) Teñan plena capacidade xurídica.
- b) Non estean incursas nunha prohibición de contratar.
- c) Se atopen debidamente clasificadas.

64. Segundo establece o artigo 66 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos:

- a) Cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.
- b) Cuxo contido implique a existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagos de contía significativa.
- c) Que sexan celebrados con entidades que teñan a consideración de poderes adxudicadores.

65. Para celebrar que tipo de contratos poderán adicionalmente os pregos de cláusulas administrativas particulares esixir que as empresas non comunitarias que resulten adxudicatarias abran unha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil? (artigo 68 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) De obras.
- b) De subministración.
- c) De concesión de obras.

66. Poderán contratar co sector público as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública (artigo 69 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) En ningún caso.
- b) A non ser que se trate dunha empresa non española de Estados membros da Unión Europea.
- c) Ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

67. As persoas que non se atopen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou de seguridade social impostas polas disposicións vixentes (artigo 71 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Non poderán contratar co sector público.
- b) Dispoñerán dun prazo de 10 días para cumprir coas súas obrigacións a partir da apertura das licitacións.
- c) Terán que prestar unha garantía especial prevista na lei para poder contratar coa Administración.

68. Cal das seguintes prohibicións previstas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público se estende tamén aos cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva, ascendentes e descendentes?:

- a) Estar incurso nalgún dos supostos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- b) Non atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou de seguridade social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determinen.
- c) Ser condenada mediante sentenza firme por delitos contra a facenda pública e a seguridade social.

69. Cal das seguintes circunstancias non está prevista como unha daquelas cuxa concorrencia determina a prohibición de contratar coa Administración daqueles que se atopen nestas? (artigo 72 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Solicitar a declaración de concurso voluntario.
- b) No caso de empresas de 50 ou máis traballadores, non cumprir o requisito de que polo menos o 5 por cento dos seus empregados sexan traballadores con discapacidade.
- c) Ser sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de estranxeiría.

70. Cal das seguintes prohibicións non será inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou equivalente no ámbito das comunidades autónomas? (artigo 73 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme por un delito de tráfico de influencias.
- b) Ser declaradas insolventes en calquera procedemento.
- c) Estar afectado por unha prohibición de contratar imposta en virtude de sanción administrativa firme, consonte o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

71. Dispón o artigo 73 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público que a inscrición da prohibición de contratar no rexistro de licitadores correspondente caducará pasados:

- a) 6 meses desde que termine a súa duración.
- b) 3 meses desde que termine a súa duración.
- c) 12 meses desde que termine a súa duración.

72. Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditar estes indicaranse (artigo 74 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Nos pregos de cláusulas administrativas xerais.
- b) No anuncio de licitación.
- c) Nos pregos de prescricións técnicas.

SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

73. O requisito da acreditación de estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que se determinen polo órgano de contratación para celebrar contratos co sector público será substituído polo da clasificación nos contratos de obras (artigos 74 e 77 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros.
- b) Cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 300.000 euros.
- c) Cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 207.000 euros.

74. Con respecto a cal dos seguintes tipos de contratos se di que se lles poderá esixir ás persoas xurídicas que especifiquen os nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación cando inclúan traballos de colocación e instalación? (artigo 76 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) De concesión de servizos.
- b) De obras.
- c) De subministracións.

75. Será requisito indispensable que o empresario se atope debidamente clasificado como contratista de obras das administracións públicas para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a (artigo 77 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) 207.000 euros.
- b) 500.000 euros.
- c) 186.000 euros.

76. A clasificación das empresas farase en función da súa solvencia e determinará os contratos a cuxa adxudicación poidan concorrer ou optar por razón do seu obxecto e da súa contía. Para estes efectos, os contratos dividiranse en (artigo 79 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Niveis, subniveis e tipos.
- b) Grupos xerais, subgrupos e categorías.
- c) Tipos, subtipos e unidades.

77. Segundo o artigo 80 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os acordos relativos á clasificación das empresas, con eficacia xeral fronte a todos os órganos de contratación, adoptaranse por:

- a) A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.
- b) O órgano competente para contratar.
- c) As comisións clasificadoras da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado.

78. No artigo 81 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, establécese que os acordos relativos á clasificación das empresas adoptados polos órganos competentes das comunidades autónomas que asumisen esta competencia:

- a) Serán inscritos de oficio no rexistro de licitadores da respectiva comunidade autónoma, se dispón de tal rexistro, e comunicados polo órgano que os adoptou ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público para a súa inscrición.
- b) Serán inscritos a instancia das empresas no Rexistro Xeral de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e comunicados ao órgano competente de cada comunidade autónoma.
- c) Serán inscritos de oficio no rexistro de licitadores da respectiva comunidade autónoma, se dispón de tal rexistro, e a instancia das empresas no Rexistro Xeral de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.



SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

79. Tal e como sinala o artigo 82 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a clasificación das empresas terá unha vixencia:

- Indefinida, en tanto se manteñan polo empresario as condicións e circunstancias en que se baseou a súa concesión.
- De 3 a 5 anos, en función da capacidade económica acreditada polo empresario no momento de efectuar a solicitude de clasificación.
- De 3 anos prorrogables por outros 3, no caso de que o empresario así o solicite.

80. Cada canto tempo haberá de xustificarse a solvencia profesional segundo o artigo 82 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público?:

- Cada tres anos.
- Cada ano.
- Cada dous anos.

81. Segundo o artigo 84 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, aceptarase unha declaración xurada para acreditar a capacidade de obrar de:

- As persoas xurídicas en xeral.
- Os empresarios estranxeiros.
- Os empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea.

82. En virtude do establecido polo artigo 85 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a proba por parte dos empresarios de non estar incursos en prohibicións para contratar poderá realizarse mediante:

- Testemuño notarial.
- Certificación administrativa.
- Providencia xudicial.

83. Cal dos seguintes está previsto como un dos medios para acreditar a solvencia económica e financeira do empresario no artigo 87 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público?:

- Nos casos en que resulte apropiado, declaracións subscritas por entidades financeiras.
- Contas de resultados presentadas semestralmente no Rexistro Mercantil, excepto en casos debidamente xustificadas.
- Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por un importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato.

84. Cal dos seguintes non está previsto no artigo 87 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público como un dos medios que se pode esixir para acreditar a solvencia económica e financeira en todo tipo de contratos?:

- Volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato.
- Cociente entre activos e pasivos, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigaón de aprobación de contas anuais por un importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.
- Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.





SUBGRUPO A2-TEMA 5-LEI 9/2017-GALEGO

85. Un dos medios previstos no artigo 88 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público como un dos que se poderá utilizar para acreditar a solvencia técnica do empresario nos contratos de obras será a relación das obras executadas no curso dos:

- a) Cinco últimos anos.
- b) Seis últimos anos.
- c) Tres últimos anos.

86. Cal dos seguintes non está previsto no artigo 89 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público como un medio para acreditar a solvencia técnica para un contrato de subministración?:

- a) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato.
- b) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.
- c) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas técnicas.

87. Que se entende por empresa de nova creación para os efectos de poder acreditar a solvencia técnica nos contratos de subministración ou servizos non suxeitos a regulación harmonizada (artigos 89 e 90 Lei 9/2017, do 8 de novembro?):

- a) Que teña unha antigüidade inferior a cinco anos.
- b) Que teña unha antigüidade inferior a tres anos.
- c) Que teña unha antigüidade inferior a dous anos.

88. A descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa é un medio expresamente previsto para acreditar a solvencia técnica dos empresarios nos contratos de (artigo 90 Lei 9/2017, do 8 de novembro):

- a) Servizos
- b) Obras.
- c) Concesión de obras.

89. Establece o artigo 92 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público que regulamentariamente poderá eximirse a esixencia de acreditación da solvencia económica e financeira ou da solvencia técnica ou profesional:

- a) Para os contratos cuxo importe non supere un determinado limiar.
- b) Para os contratos cuxa adxudicación se faga en beneficio de varios empresarios.
- c) Para os contratos en cuxo importe estea incluído o imposto sobre o valor engadido.

90. Segundo o artigo 96 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, no ámbito da Administración xeral do Estado, acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público as condicións de aptitude do empresario a inscrición:

- a) No Rexistro de Contratos do Sector Público.
- b) No Rexistro Público de Empresas Licitadoras e Empresas Clasificadas.
- c) No Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado.

